


**NOME:**

**CURSO:**



**PRIMARIA**  
**5ª SEMANA**

### Mareas difíciles:



No mar Cantábrico as mareas poden variar a súa altura nuns 15 metros. No mar do noso acertixo as mareas só varían 3 metros. Un barco está amarrado no medio da ría. Ten unha escada colgando desde a cuberta do barco que chega ata a auga. Os chanzos están separados 10 cms. Coa marea baixa, míranse 10 chanzos da escada. Coa marea alta, o nivel da auga sobe 3 metros. Cantos chanzos se mirarán entón?

### Con catro douses:

Como podes ordear catro douses para que o resultado da súa unión sexa 13?

### Palabras unidas:

Relaciona estas palabras e sinala cun redondel as tres que non teñen nada que ver co resto.

Gato

Balea

Aves

Galiña

Cañgrexo

Golfiño

Home

Can

Felinos

Aquia

León

Peixes

### Merenda no recreo:

Xoan Laranxa, Ana Plátano e Paco Mazá co resto dos seus compañeiros saen ao patio do colexio á hora do recreo. Cando desenvolven as súas respectivas merendas póñense a rir:

- Que divertido!, Fixástesvos? As nosas merendas son unha mazá, unha laranxa e un plátano!.
- Si!-responde o que ten a laranxa. Pero ningún ten a froita que corresponde ao seu apelido.
- É verdade- di Ana Plátano.

Que froita ten cada un?

**NOME:**


**CURSO:**



**E.S.O.**  
**5ª SEMANA**

## Corte pasteleiro:

Do forno sae unha tarta de chocolate. Carolina corta a tarta cuadrada pola metade e divide unha das metades en outras dúas partes máis pequenas e iguais entre sí. Antes de que poida empezar a comer da metade máis grande, chegan dous amigos seus. Carolina quere que todos coman a mesma cantidade de tarta. Co menor número de cortes, como podería conseguir tres trozos iguais?



## A máquina rexistradora:

Un comerciante acaba de acender a luz da súa tenda de calzados cando aparece un home pedindo cartos. O propietario abre a máquina rexistradora. O contido da máquina rexistradora retírase e o home sae correndo. Inmediatamente avísase a un membro da policía.

Contesta as afirmacións segundo creas que son verdadeiras, falsas ou descoñecidas.

1. En canto o propietario acendeu a luz da súa tenda de calzado chegou un home..... V F ?
2. O ladrón foi un home ..... V F ?
3. O home non pediu cartos ..... V F ?
4. O que abriu a máquina rexistradora foi o propietario ..... V F ?
5. O propietario da tenda de calzado retirou o contido da máquina rexistradora e saíu correndo ..... V F ?
6. Laguen abriu a máquina rexistradora .... V F ?
7. Cando o que pediu os cartos fíxose co que había na máquina rexistradora, saíu correndo ..... V F ?
8. Aínda que había cartos na máquina rexistradora a historia non dice que cantidade ..... V F ?
9. O ladrón pediu cartos ao propietario ... V F ?
10. A historia contén unha serie de acontecementos que envolven a tres persoas: un propietario, un home que pediu cartos e un membro da policía ..... V F ?
11. Os seguintes acontecementos da historia son verdadeiros: laguen pediu cartos; unha máquina rexistradora foi aberta; o seu diñeiro foi retirado e un home saíu correndo da tenda ..... V F ?